Tal e como se indicaba xa nos puntos anteriores, o obxectivo principal da proposta de ordenación é a de resolver a inviabilidade manifesta da ordenación proposta no PXOM vixente na AR-3, e aproveitar unha oportuna decisión municipal como opción irrepelible (nestas condicións de oportunidade e actuación) para a resolución urbanística dun espazo estratéxico para o concello, mediante a súa integración no seu contorno inmediato, coa creación dun espazo libre accesible no centro urbano do núcleo que anule os tecidos de novo crecemento arredor da Avenida Ordoñez co seu tecido histórico, valorando e integrando tipoloxías e edificios de interese, e conformando un espazo público rico e de calidade.

As modificacións que se contemplan abranguen por unha banda a denominada Área de Reparto N.º 3, e por outra as parcelas en solo urbano consolidado cuxa aliñación se vai a modificar.

2.3.1. ELEMENTOS ESTRUTURANTES DA PROPOSTA.

Por tanto, o mellor xeito de levar a cabo esta intención é o desenvolvemento urbanístico da área de reparto nº3 co fin último de viabilizar a ordenación, acadar terreos para espazos libres, dotacións e para o establecemento dunha estrutura viaria capaz de resolver as deficiencias actuais de comunicación e aparcadoiro, co obxectivo de potenciar unha área con gran capacidade comercial e de espaxamento e distensión da poboación, mantendo as condicións básicas do P.X.O.M. de Tomiño para este tipo de solo, é dicir sen alterar a súa estrutura básica, pero, incorporando as modificacións fóra da área de reparto para mellorar unha solución global de ordenación que permita acadar os obxectivos pretendidos.

Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de :

19 OUT 2008  
COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA  
Asido: Alberto Escobar



ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.3) DA LEI 9/2002

03 NOV 2008

Asido: O cargo do servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra






As zonas edificadas dentro da área de reparto con cualificación de ordenanza extensiva soñren unha variación, con respecto ao P.X.O.M. vixente, consistente en substituír a ordenanza de vivenda unifamiliar 2C por ordenanza de vivenda colectiva en bloque 1.A. que permita rematar os cuarteiróns definidas no P.X.O.M. que bordean a área de reparto.

Con respecto ás parcelas situadas fóra da área de reparto en solo urbano consolidado, o obxectivo é ampliar a sección e optimizar o uso do viario proposto no PXOM, sendo preciso para isto que se proxecten algúns cambios de aliñacións e de ordenanza, como os que se pretenden nas catro parcelas da Avenida Ordoñez, mais tamén nas catro parcelas na rúa Barrio Centinela do viario da área de reparto cara ao norte, e neste último caso pasarán da ordenanza 1.A á ordenanza 1.B. (ordenanza creada na modificación nº4 do P.X.O.M.), coa fin de non atoparmos con situacións indebidas como é a ocupación dos fondos completos en planta baixa ou fachadas non rematadas cara a uns espazos abertos dentro da área de reparto. Modifícanse tamén as aliñacións da rúa do barrio Centinela cara ao sur, de cara a aumentar a sección da citada rúa.

O espazo libre e maillo dotacional aúnanse para unha mellor resolución destas reservas previstas, salvagardando a masa arbórea autóctona situada ó norte mediante a súa integración no parque previsto, e concentrando aquí os aparcadoiros, sinalando, se cabe, máis a relación entre estes e os espazos libres e dotacionais.

As infraestruturas viarias e aparcadoiros acadan na presente M.P. maior superficie que no planeamento vixente pois resérvase maior superficie á beira do viario para aumentar o número de aparcadoiros (importante déficit a cubrir nas zonas centrais de Goián), e modifícase o trazado do viario existente para obrigar a un tráfico máis lento e para salvar a masa arbórea situada ao norte da área de reparto. Deste xeito, na presente solución é máis accesible toda a área, tanto no eido peonil como no rodado.

Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de:



Proposta de ordenación do ámbito.


Consultora Galega S.L.

POR ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
 DE B.N.A.  
 3/NOV 2009  
 ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.5 a) DA LEI 9/2002  
 Asín, O xefe do Servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra

Alberto Castrillo Escobar

Asdo.: Catalina Echevarría Bujadas

24. PARÁMETROS URBANÍSTICOS DA MODIFICACIÓN DO P.X.O.M.



Neste apartado vaise a concretar a cuantificación de todos os parámetros que regulan esta proposta urbanística de ordenación, e que son precisos para contrastar o cumprimento de todos os estándares, limitacións e condicións establecidas na lexislación urbanística que regularán a presente actuación. Tamén se analizarán os datos comparativos dos parámetros do planeamento anterior a respecto dos que se propoñen na presente modificación puntual (respecto das zonas estritas que se modifican dentro de cada unha das propias parcelas).

Como resume xeral agregado das modificacións realizadas, os parámetros de acordo coa ordenación proposta na modificación puntual son os seguintes:

	COMPARATIVA DE PARÁMETROS AGREGADOS PARA A NOVA MODIFICACIÓN		
	TOTAIS		
	ACTUAL	MODIFICACIÓN	DIFERENZA
SUP. EQUIPAMENTOS (M²)	0	2.629,36	2.629,36
SUP. ESPAZOS LIBRES (M²)	6.154,69	6.735,6	580,91
SUP. VIARIO (M²)	2.869,33	7.137,31	4.268,38
SUP. A.R./	19.233	19.711,30	478,3

Como se pode ver, aumentan as superficies de dotacións públicas (tanto espazos libres como equipamentos), e ademais vense complementados polos maiores aparcadoiros reservados e as melloras viarias, que superan con creces as dotacións e superficies iniciais.

O cadro de dotacións públicas (tanto espazos libres como equipamentos) queda como segue:

CADRO DE DOTACIÓNS E ESPAZOS LIBRES				
CLAVE	SUPERFICIE	SISTEMA	USO E DOMINIO	
EB-1	2.629,36	XERAL	PÚBLICO	
VI-1	4.113,82	XERAL	PÚBLICO	
ZV-2	2.621,78	LOCAL	PÚBLICO	

Conven méntese as condicións básicas das catro ordenanzas de aplicación no ámbito da presente M.P., e reproducimos as que se contemplan no vixente P.X.O.M.

A presente modificación, estende para todo o ámbito do concello, a posibilidade de utilización da ordenanza 1-B, denominada de edificación en bloque aberto, que se creou na MP nº4 do P.X.O.M de Tomiño. A MP.4, cinxe exclusivamente a aplicación da citada ordenanza ás áreas de reparto AR-1 e AR-2 do PXOM de Tomiño.

A configuración da edificación a construír neste ámbito, así como os usos permitidos, axustaranse á definición recollida neste documento en todos os seus parámetros, (número de plantas, alturas, aliñacións, fondos, usos, etc.) en función da ordenanza de aplicación en cada caso, coas condicións xerais que se establecen para cada unha delas nos parágrafos seguintes.

ORDENANZA 1.A: Edificación en bloque pechado.

Cumprirá as determinacións urbanísticas contempladas na Ordenanza 1.A do P.X.O.M. vixente. Aplicarase igualmente á Normativa do plan e, no seu caso, as condicións detalladas no convenio

ORDENANZA 1.A DE CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, DE DATA 03 NOV 2009.

Ordenanza 1.A do P.X.O.M. vixente.

ACORDO DE APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.3 a) DA LEI 9/2002

Asdo: O xefe do servizo de Urbanismo do Concello de Tomiño

Alberto Castrillo Escobar

Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de: - 1 OUT. 2009

Asdo: ~~Conseillería de Infraestructuras~~ ~~Conseillería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras~~



Os usos admitidos son os establecidos na presente Ordenanza.

ORDENANZA 1.B: Edificación en bloque aberto.

Cumprirá as determinacións urbanísticas contempladas na Ordenanza 1.B que se establece na presente M.P. para incorporar ao P.X.O.M. vixente. O uso prioritario é o de vivenda colectiva.

Os usos admitidos son os establecidos na presente Ordenanza.

ORDENANZA 3: Equipamentos locais.

O equipamento que se establece (EQ-1) será de uso deportivo, terá carácter público e cumprirá todas as determinacións urbanísticas contempladas na Ordenanza nº 3 do P.X.O.M. de Tomiño.

ORDENANZA 6: Zonas verdes.

Cumprirá todas as determinacións urbanísticas contempladas na Ordenanza 6 do P.X.O.M. do concello de Tomiño.

Os espazos libres (ZV-1 e ZV-2) terán carácter público e garantirase o cumprimento das condicións de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas, de acordo co disposto pola Lei 8/1997, do 20 de agosto, e o seu regulamento (Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro).

Por outra banda o espazo libre ZV-1, corresponderá ós sistemas xerais do núcleo e manterase o maior número posibles das árbores da carballeira existente.


2.4.1. MODIFICACIÓNS REALIZADAS NA A.R. 3.

No seguinte cadro comparativo amósanse os cambios fundamentais que sofre o ámbito no que respecta ao interior da área de reparto.

ESPAZOS LIBRES	P.X.O.M.	Proposta
ESPAZOS LIBRES	A.R. 3	A.R. 3
Superficie total	19.233 m <sup>2</sup>	19.711,30 m <sup>2</sup>
Área de aproveitamento lucrativo	13.463,1m <sup>2</sup>	13.797,91m <sup>2</sup>
Área de aproveitamento tipo	0,7 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,7 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Ordenanza de aplicación	2.C	1.A
Asignación de solo para:		
VIARIO	2.869 m <sup>2</sup>	5.197,65
ESPAZOS LIBRES	6.154,69 m <sup>2</sup>	6.735,6
EQUIPAMENTOS	*	2.629,36
TOTAL	9.024,31m <sup>2</sup>	14.562,61 m <sup>2</sup>
% do aproveitamento total	1.346,31 m <sup>2</sup>	1.379,79 m <sup>2</sup>

Informado pola Comisión Superior  
 de Urbanismo de Galicia  
 en sesión de :

- 1 OUT. 2009



A) DELIMITACIÓN:

A delimitación da área de reparto axústase en ~~alguns~~ puntos que coinciden cos puntos de entrada e saída do viario interior da área.

POR ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO  
 AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS,  
 DE DATA

03 NOV 2009

ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA  
 SEGUNDO O ART. 48.5 a) DA LEI 9/2002


Asdo: O xefe do servizo de Urbanismo do  
 Departamento de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras

Alberte Castriello Escobar

**CONCELLO DE TOMIÑO**


MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº6 CON ORDENACIÓN DETALLADA DO P.X.O.M. DE TOMIÑO.  
 Aprobación provisional modificación puntual do PXOM, N.º.....

30 OUT. 2008



Modifícase o límite polo lado oeste para corrixir erros do plan vixente na delimitación do equipamento urbano e para favorecer o ámbito, e axústase o límite da área de reparto á delimitación real do equipamento existente e á realidade parcelaria.

O límite polo lado leste tamén se modifica, coa fin de mellorar o acceso por este lado e encaixar mellor os bloques edificatorios propostos axustándose mellor ás parcelas desa zona da área. Estes cambios realízanse dentro da zona clasificada como solo urbano, manténdose o límite do plan vixente na zona de linde co solo rústico para non reclasificar solo, aínda que ese límite non se axuste ao parcelario. A nova delimitación queda como sigue:



Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de :


- 1 OUT. 2008

OS USOS.

Neste estudo fícen modificacións. O uso global característico será o residencial, definido na ordenanza de aplicación da ordenanza 1.A e 1.B, e permitiranse tamén usos hoteleiros e comerciais ou de oficinas en proporcións menores, o que permitirá diversificar a oferta inmobiliaria, xerando un maior grao de atracción para o conxunto de actuacións que se pretenden desenvolver neste ámbito, sen por isto minguar a súa vocación principal residencial como continuidade do tecido urbano. Aínda que ata a construción dos edificios non se poderán concretar exactamente o reparto real dos usos, pódese avanzar unha posible distribución dos usos nos edificios propostos:

	BLOQUE 1 (oeste)	BLOQUE 2 (leste)	TOTAL
USOS COMERCIAIS/OFCINAS	2.647,95	1.762,22	4.410,17
USO RESIDENCIAL	5.677,44	3.710,30	9.387,74
<b>TOTAIS</b>	<b>8.325,39</b>	<b>5.472,52</b>	<b>13.797,91</b>

POR ORDE DA XANSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS,  
 ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.5 a) DA LEI 9/2002  
 03 NOV 2008  
 Asinado polo xefe do servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra



Echevarría Buades

C) AS ORDENANZAS.

Ordenanza permitida na AR, que antes era en exclusiva a ordenanza 2.C. (de edificación unifamiliar illada, unida ou en entrefila), preténdese substituír pola ordenanza 1.A (de edificación en bloque pechado) do P.X.O.M de Tomiño, que permita rematar os cuarteiróns da Avenida Ordoñez e que permita unha ocupación máis intensiva do solo que libere maior superficie para espazos libres, acadando un modelo de ordenación moito máis sostible. Reflicítese a continuación de modo sinóptico as diferenzas entre ambas ordenanzas:

ORDENANZA 1. A	ORDENANZA 2C
<b>Denominación:</b> Edificación en bloque pechado.	<b>Denominación:</b> Edificación unifamiliar.
<b>Ámbito e características:</b> Responde á tipoloxía de edificación entre medianeiras en bloque pechado con ou sen patio de bloque; sendo o seu uso característico o residencial en vivenda colectiva.	<b>Ámbito e características:</b> Responde á tipoloxía de vivenda unifamiliar illada ou unida. C: edificación unifamiliar illada, unida ou en entrefila. Edificabilidade máxima: 0,7 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
<b>Aliñacións:</b> As establecidas nos planos de ordenación.	<b>Aliñacións:</b> As establecidas nos planos de ordenación ou no seu defecto a seis metros do eixe da vía á que dea fronte a parcela.
<b>Fondo edificable:</b> O indicado nos planos de ordenación. Se non será de 14m.	
<b>Parcela mínima:</b> 100 m <sup>2</sup>	<b>Parcela mínima:</b> 250 m <sup>2</sup> <b>Ocupación máxima:</b> 70%
<b>Fronte mínima de parcela:</b> 7m. Coa súa excepción para aquelas parcelas que se atopen xa edificadas no momento de aprobación do presente Plan Xeral.	<b>Fronte mínima de parcela:</b> 5m.
<b>Recuamentos:</b> A aliñación: a edificación deberá construírse coa liña de fachada na aliñación exterior. Laterais: a edificación deberá unirse ós linceiros laterais. O fondo de parcela: a edificación separarase do linceiro traseiro unha distancia mínima de 3 metros. A planta baixa, semisoto e soto poderanse unir ó fondo con convenio entre linceiros.	<b>Recuamentos:</b> Frontal: 4m. Laterais: 4 metros ou unido por convenio entre linceiros. A fondo: 4 metros.
<b>Altura da edificación:</b> A altura en número de plantas está determinada nos planos de Ordenación, non podendo exceder en metros as seguintes magnitudes.  - Para tres plantas: (B+2) 9,60 metros. - Para dúas plantas (B+1) 6,70 metros.  A altura medirase sobre a rasante da beirarrúa á que dea de fronte a edificación. Para as parcelas en esquina con diferentes rasantes de rúa, a altura maior deberá manterse nunha lonxitude máxima de 15 metros.	<b>Altura máxima:</b> 6 metros sobre a rasante da vía á que dea fronte a parcela. En ningún caso se poderá superar exceder a altura de 7,50 metros sobre a rasante natural do terreo, medido a calquera dos paramentos da edificación.  Número de plantas máximo: Dúas (2) plantas. Semisotos: Autorízanse semisotos sempre que queden incluídos na altura máxima permitida sobre rasante e computando edificabilidade aínda que non para número de plantas. Non se admitirá neles o uso de vivenda.
<b>Voos:</b> Os voos máximos admitidos son de 1 metro sobre a aliñación.	
<b>Garaxe-aparcadoiro:</b> Disporase dunha praza de aparcadoiro por cada cen metros cadrados de superficie construída sobre rasante.	<b>Garaxe-aparcadoiro:</b> Dentro da parcela deberase dispor dunha praza de aparcadoiro por cada cen metros cadrados de superficie construída sobre rasante.

Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de :

- 1 OUT. 2009

O SECRETARIO DA COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA

Guillermo Otero Pérez

POR ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS, DE DATA 03 NOV 2009

ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.A) DA LEI 9/2002

Asdo: O xefe do servizo de Urbanismo do Departamento de Territorio de Pontevedra

Consulora Galega

Alberto Castillo Escobar



**CONCELLO DE TOMIÑO**

Aprobación provisional modificación puntual do PXOM, N.º.....

**30 DIC 2008**

**MODIFICACION PUNTUAL Nº6 CON ORDENACION DETALLADA DO P.X.O.M. DE TOMIÑO.**

Asdo. Catastro Echevarría Buades



ORDENANZA 1. A	ORDENANZA 2C
<p><b>Usos tolerados:</b> Permitense os seguintes usos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Vivenda.</li> <li>Hoteleiro.</li> <li>Comercial.</li> <li>Oficinas.</li> <li>Industrial.</li> <li>Categoría 1ª: Grupos 1,2,3,5,6,7 e 8.</li> <li>Categoría 2ª: Grupos 1,2,3,5,6,7 e 8.</li> <li>Garaxe-aparcadoiro:</li> <li>Categoría 1ª: Grupos 1 e 3.</li> <li>Categoría 2ª: Grupos 1,2 e 3.</li> <li>Categoría 3ª:</li> </ul>	<p><b>Usos tolerados:</b> Permitense os seguintes usos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>Vivenda.</li> <li>Hoteleiro.</li> <li>Comercial.</li> <li>Oficinas.</li> <li>Industrial.</li> <li>Categoría 1ª: Grupos 1,2,3,5,6,7 e 8.</li> <li>Categoría 2ª: Grupos 1,2,3,5,6,7 e 8.</li> <li>Garaxe-aparcadoiro:</li> <li>Categoría 1ª: Grupos 1 e 3.</li> <li>Categoría 2ª: Grupos 1,2 e 3.</li> <li>Categoría 3ª:</li> </ul>

No P.X.O.M. vixente non se especifica, para estas áreas de reparto, que edificabilidade ou intensidade lle corresponde a cada uso. Na presente MP vanse a permitir todos os usos que contemplan as ordenanzas.

**D) EDIFICABILIDADE E USOS LUCRATIVOS.**

Non hai, como xa se anticipou, un aumento de aproveitamento edificatorio, senón que se mantén o aproveitamento do 0,70 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> que definía o P.X.O.M, que se sitúa por baixo do límite de 0,85 m<sup>2</sup>/m<sup>2</sup> que establece a L.O.U.G. no seu Art. 46 para este tipo de solo urbano non consolidado en concellos como Tomiño, que teñen unha poboación superior a 5.000 habitantes e inferior a 20.000 habitantes. Tamén se mantén a densidade residencial que establecía o PXOM vixente (60 viv/Ha.).

O uso característico establecido segue a ser o residencial, e vanse a permitir con carácter xeral todos os usos que contemplan as ordenanzas respectivas de aplicación.

**E) VIVENDA SUXEITA A PROTECCIÓN PÚBLICA.**

Na lexislación anterior e no PXOM vixente non se reservaba edificabilidade suxeita a protección pública neste ámbito, pero en aplicación da lexislación actual como se indica en detalle máis adiante, resérvase o mínimo establecido a este respecto. Por expresa vontade municipal, neste caso resérvase para vivendas suxeitas a algún réxime de protección a integridade do aproveitamento que lle corresponde ao Concello como cesión do 10 % de aproveitamento lucrativo dos propietarios privados, debéndose repartir entre o resto dos propietarios o resto da reserva que corresponde ata acadar a edificabilidade mínima a reservar para vivenda protexida (o 30 % da totalidade da edificabilidade residencial do ámbito).

USOS	P.X.O.M.	PROPOSTA ORDENACIÓN M.P.
Vivenda protexida	0	(30% da edif. residencial do ámbito)

Tamén se pode avanzar unha posible cuantificación das superficies residenciais e de vivenda protexida a partir da hipótese de usos anteriormente realizada, e mesmo dar un posible emprazamento para localizar esa vivenda protexida, representando todo elo no cadro con plano exento.

**Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de :**

**- 1 OUT. 2009**

O SECRETARIO DA COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA



Consultora Cáliz S.L.

*Guillermo Otero Pérez*


**POR ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, DE DATA**

**03 NOV 2009**

ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 83.5 a) DA LEI 9/2002

Asdo: O xefe do servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra

*Alberto Castrillo Escobar*



VIVENDA LIBRE	en sesión de :	6.571,43 m <sup>2</sup> .
VIVENDA DE PROTECCIÓN OFICIAL (raíada no plano)		2.816,32 m <sup>2</sup> .

- 1 OUT. 2009

F) AS CONDICIÓN DE CONTORNO E O VIARIO



O SECRETARIO DA COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA

As modificacións na ordenanza para pechar os espazos da Avenida Ordofez e liberar maior superficie de solo, implican unha recomposición do papel desta peza de solo urbano no seu contorno, por tanto a ordenación deste ámbito require dunhas condicións de contorno novas, estudando mesmo futuribles alcanzables no eido viario e nas relacións dos espazos edificadas e os baleiros respecto do seu contorno actual e futuro previsible:

A necesidade de coñecer o medio no que se actúa supón a valoración do contorno físico e o conseguinte coidado no seu tratamento, que condicionarán a articulación dos volumes edificatorios e os espazos verdes, xa sexan estes de carácter público ou privado. A edificación concéntrase ao sur da área de reparto apoiándose nos cuarteiróns non rematadas do contorno da Avenida Ordofez.

Modifícase o trazado do eixe viario interior da área de reparto coa fin de manter as principais masas arbóreas que, pola súa calidade paisaxística e por sostiabilidade ambiental convén conservar (procedendo a incluílas nos espazos libres de uso público) e así mellorar a conexión da área de reparto co solo rústico común situado máis ó norte.

G) AS DOTACIÓNS.

Como xa se xustificará en apartados posteriores, as necesidades ou estándares mínimos de dotacións que requirirá a L.S.G. (tanto locais como xerais) son superados con amplitude.

POR ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS,  
 DE DATA  
 03 NOV 2009  
 ACORDADA EN APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 10.5

Así mesmo, o xefe do servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra

Alberto Castrillo Escobar



Comisión Entendadora de Usos  
 en función do Art. 47 Calidade de vida e cohesión social, da L.O.U.G., e por tanto a presente M.P. amplía considerablemente todas as dotacións.

Do mesmo xeito que para as edificabilidades, o resumo global de dotacións recóllese comparativamente no cadro seguinte:

USOS	P.X.O.M.	PROPOSTA ORDENACIÓN M.P.
VIARIO	47 % da superficie total do ámbito	73,68 % da superficie total do ámbito.
ESPAZOS LIBRES		
EQUIPAMENTOS		
Totais:	9.024,02 m <sup>2</sup>	14.562,61 m <sup>2</sup>

H) APARCADOIROS

Os datos correspondentes aos aparcadoiros, recóllense comparativamente no cadro seguinte:

USOS	P.X.O.M.	PROPOSTA ORDENACIÓN M.P.
APARCADOIROS	Sen especificar	276 totais (80 de uso público)

Na ordenación sitúanse 80 prazas de uso público a ambos lados do eixe viario, as prazas sitúanse xeralmente a 45º ou paralelos á vía, con árbores cada 5 prazas, os aparcadoiros interrómpense cada aproximadamente 20 m, para pasos peonís que coinciden cos cruzamentos.

2.4.2. MODIFICACIÓN REALIZADAS NAS PARCELAS DE SOLO URBANO CONSOLIDADO.

A) A DELIMITACIÓN:

Non existían delimitacións previas, e en calquera caso, mesmo se cambian a non consolidado pequenas superficies que estaban inicialmente en consolidado e que son necesarias para a mellor articulación dos viarios propostos no solo non consolidado, e a tal efecto inclúense na área de reparto.

B) EDIFICABILIDADE E USOS LUCRATIVOS.

O uso característico establecido segue a ser o residencial, e vanse a permitir con carácter xeral todos os usos que contemplan as ordenanzas respectivas de aplicación.

Non se prevén aumentos de edificabilidade, mais ben ao contrario, producíndose algúns axustes á baixa, debidos basicamente a redución de fondos edificables en planta baixa para ampliar o viario, debendo ter en conta que os edificios construídos tampouco acostumaban a esgotar todo o fondo das parcelas en planta baixa, polo tanto estas reducións non afectan demasiado ao aproveitamento que se viña executando, que e o que se produce no fondo de bloque en altura, que se mantén basicamente a respecto do PXOM vixente.

Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia

Para demostrar que non hai aumentos de edificabilidade nas parcelas que se constrúen en sesión de:

- 1 OUT. 2009

O SECRETARIO DA COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA






Consultora Galega S.L.

Guillermo Ojeda Pérez

COMISSIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA  
 DEPARTAMENTO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, DE DATA  
 03 NOV 2009  
 ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.5 a) DA LEI 9/2002  
 Asdo. O xefe do servizo de Urbanismo do Departamento de Territorio e Infraestruturas


Alberto Castrillo Escobar





Zona da Avenida Ordoñez

Zona Centinela Norte



Zona Centinela Sur

Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de 1 OUT 2009

Zonas/Parcelas	P.X.O.M.	PROPOSTA ORDENACIÓN M.P.
Zona da Avenida Ordoñez (parcelas 03,04,05,06)	2,12 m2 /m2	2,12 m2 /m2
Zona Centinela Norte (parcelas 5021,5022, 5023, 5024)	1,72 m2 /m2	1,49 m2 /m2
Zona Centinela Sur (parcelas 5017, 5018, 5020)	1,95 m2 /m2	1,68 m2 /m2



O SECRETARIO DA COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA

CLAS ORDENANZAS  
 Guillermo Utrera

A ordenanza permitida nestas parcelas, que antes era exclusiva a ordenanza 1, de bloque pechado pretendese complementar coa ordenanza 1. B de edificación en bloque aberto do PXOM de Tomiño (que na presente M.P se pretende estender para a súa posible utilización en todo o concello de Tomiño)

POR ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS,  
 DE DATA 03 NOV 2009  
 ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.5 a) DA LEI 9/2002  
 Aedo: O xefe do servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra

**CONCELLO DE TOMIÑO**

Aprobación provisional modificación puntual do PXOM, N.º 6

30 Dic. 2008

MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº6 CON ORDENACIÓN DETALLADA DO P.X.O.M. DE TOMIÑO.

Abdo. Patricia Echevarría Buedes



(modificacións da ordenación que se enceten). Refíciense a continuación de modo sinóptico as diferenzas entre ambas ordenanzas:

ORDENANZA 1.A	ORDENANZA 1.B
<b>Denominación:</b> Edificación en bloque pechado.	<b>Denominación:</b> Edificación en bloque aberto.
<b>Ámbito e características:</b> Responde á tipoloxía de edificación entre medianeiras en bloque pechada con ou sen patio de bloque, sendo o seu uso característico o residencial en vivenda colectiva.	<b>Ámbito e características:</b> Responde a tipoloxía de edificación en bloque aberto exento o apegado, sendo o seu uso característico o residencial en vivenda colectiva. GRADOS: 1-B.1: Bloque aberto. 1-B.2: Bloque apegado.
<b>Aliñacións:</b> As establecidas nos planos de ordenación.	<b>Aliñacións:</b> As establecidas nos planos de ordenación.
<b>Fondo edificable:</b> O indicado nos planos de ordenación. Se non será de 14m.	<b>Fondo edificable:</b> O indicado nos planos de ordenación. Se non será de 14m. Este fondo xenérico refírese ás plantas piso, podendo ser superado pola prolongación das plantas de soto ao fondo de la parcela.
<b>Parcela mínima:</b> 100 m <sup>2</sup>	<b>Parcela mínima:</b> 100 m <sup>2</sup> . Poderanse autorizar edificacións en parcelas de menor tamaño naqueles supostos en que se poña de manifesto a imposibilidade física de cubrir estes mínimos.
<b>Fronte mínima de parcela:</b> 7m. Coa soa excepción para aquelas parcelas que se atopen xa edificadas no momento de aprobación do presente Plan Xeral.	<b>Fronte mínima de parcela:</b> 7m.
<b>Recuamentos:</b> A aliñación: a edificación deberá construírse coa liña de fachada na aliñación exterior. Laterais: a edificación deberá unirse ós lindeiros laterais. A fondo de parcela: a edificación separarase do lindeiro traseiro unha distancia mínima de 3 metros. A planta baixa, semisoto e soto poderanse unir ó fondo con convenio entre lindeiros.	<b>Recuamentos:</b> A edificación deberá construírse coas fachadas sobre as aliñacións.
<b>Altura da edificación:</b> A altura en número de plantas está determinada nos planos de ordenación, non podendo exceder en metros as seguintes magnitudes. Para tres plantas: (B+2) 9,60 metros. Para dúas plantas (B+1) 6,70 metros. A altura medirase sobre a rasante da beirarrúa á que dea de fronte a edificación. Para as parcelas en esquina con diferentes rasantes de rúa, a altura maior deberá manterse nunha lonxitude máxima de 15 metros.	<b>Altura da edificación:</b> A altura en número de plantas está determinada nos planos de Ordenación, non podendo exceder en metros as seguintes magnitudes. Para tres plantas: (B+2) 9,60 metros. Para dúas plantas (B+1) 6,70 metros. A altura medirase sobre a rasante da beirarrúa á que dea fronte a edificación. Para as parcelas en esquina con diferentes rasantes de rúa, a altura maior deberá manterse nunha lonxitude máxima de 15 metros. Permítese o aproveitamento baixo cuberta.
<b>Voos:</b> Os voos máximos admitidos son de 1 metro sobre a aliñación.	<b>Voos:</b> Os voos máximos admitidos son de un metro (1) sobre a aliñación. Serán construcións acristaladas que favorezan a percepción do plano da fachada correspondente á aliñación. Permitiranse materiais opacos na parte inferior do voo nunha proporción dun 25% sobre a fachada do voo. Está suxeito a un recuado lateral a lindeiros de 1m. Non poderá ocupar unha superficie máis do 75% da fachada da planta a que dá servizo.
<b>Garaxe-aparcadoiro:</b> Disporase dunha praza de aparcadoiro por cada cen metros cadrados de superficie construída sobre rasante.	<b>Garaxe-aparcadoiro:</b> Dentro da parcela deberase dispor unha praza de aparcadoiro por cada 80 metros cadrados de edificación sobre rasante.



- 1 OUT. 2009

O SECRETARIO DA COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA


Guillermo Otero Pérez

ACÓRDASE A ADOCIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 83.3 a) DA LEI 9/2002

25

Asdo. do xefe do servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra


Alberto Castrillo Escobar



<p>Echevarría Boates</p>	<p><b>Espazos libres privados:</b>          A fin de unificar o tratamento das distintas parcelas, deberase presentar un proxecto conxunto de acondicionamento do espazo libre privado cumprindo as condicións de accesibilidade, favorecendo a unificación de materiais de pavimentación, rasantes e plantación de especies vexetais nas distintas parcelas. O pavimento terá tratamento vexetal nun mínimo de 50% da súa superficie.</p>
<p><b>Usos tolerados:</b>          Permítese os seguintes usos:          Vivenda.          Hoteleiro.          Comercial.          Oficinas.          Industrial.          Categoría 1ª: Grupos 1,2,3,5,6,7 e 8.          Categoría 2ª: Grupos 1,2,3,5,6,7 e 8.          Garaxe-aparcadoiro:          Categoría 1ª: Grupos 1 e 3.          Categoría 2ª: Grupos 1,2 e 3.          Categoría 3ª:</p>	<p><b>Usos tolerados:</b>          Permítese os seguintes usos:          Vivenda.          Hoteleiro.          Comercial.          Oficinas.          Industrial.          Categoría 1ª: Grupos 1,2,3,5,6,7 e 8.          Categoría 2ª: Grupos 1,2,3,5,6,7 e 8.          Garaxe-aparcadoiro:          Categoría 2ª: Grupos 1 e 2.</p>

D) AS CONDICIÓN DE CONTORNO.

As condicións de contorno é o que vai sufrir maior modificación, pois as aliñacións varíanse considerablemente no contorno da avenida Ordoñez para permitir salvar a tipoloxía do edificio do vello cuartel e para conectar o espazo e as dotacións creadas na AR-3 coa citada avenida para acadar unha fluidez espacial que permita doar de maior vitalidade e atractivo a ambos espazos.



Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de:

1 OCT. 2009



O SECRETARÍA DA COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA

Guillermo Otero Pérez

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
 DEPARTAMENTO DE URBANISMO

03 NOV 2009



ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 83.º a) DA LEI 9/2002

Así: O xefe do servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra



EMODIFICACIÓN PUNTUAL Nº6 CON ORDENACIÓN DETALLADA DO P.X.O.M. DE TOMIÑO.

CAMBIOS NA NORMATIVA DO P.X.O.M. VIXENTE.

Como xa se citou anteriormente, pretende estenderse a todo o ámbito do concello a posibilidade de utilización (non utilizable directamente, pois non está recollida na ordenación vixente, pero si se poderá utilizar en modificacións desa ordenación) da ordenanza 1-B, que se creou na modificación puntual nº 4 do P.X.O.M. de Tomiño, e vaise aplicar xa na presente MP nalgunha das parcelas de solo urbano consolidado para evitar a ocupación nas plantas baixas ata o fondo da parcela.

Preténdese tamén resolver o problema da insuficiencia de altura permitida nas novas edificacións de uso residencial, naquelas zonas ou ámbitos de planeamento sen ordenación detallada no momento de entrada en vigor das NHG, para que poidan adaptarse as súas determinacións ás novas vivendas que se constrúan neses ámbitos.

Dado que se ten detectado a dificultade de materializar as alturas mínimas aplicables en determinados casos polas condicións das NHG (sobre todo nas zonas sen ordenación detallada á súa entrada en vigor), que esixen unha altura libre mínima entre pavimento acabado e cara inferior de forxado de 2,70 m. e unha altura libre mínima entre pavimento e teito acabados de 2,60 m. As dificultades danse sobre todo en vivenda unifamiliar (a limitación de altura e de 6 m.) e en plantas altas de vivenda colectiva en altura (a limitación de altura e de 9,6 m., ou 3 m. por cada planta alta se a baixa debe ter 3,60 m. mínimos en caso de existir voos sobre a rúa), dado que e en plantas baixas colectivas xa se establecen alturas que permiten achegarse sen problemas aos mínimos das NHG para as vivendas (3,60 m. en caso de existir voos sobre a rúa).

Estas esixencias obrigarían nos casos máis desfavorables a un máximo de espesor nos forxados de 0,30 m. entre cara inferior de forxado e pavimento acabado, o que é excesivamente xusto cos sistemas construtivos habituais, polo tanto procédese a incluír a posibilidade de aumentar as alturas do edificio nas plantas residenciais (ata un máximo de 0,20 m. por cada planta de uso residencial que poida ter problemas de altura) que se vexan afectadas por este aumento obrigado da altura (e se fará extensible a súa aplicación a todo o termo municipal nas edificacións que se poidan atopar nesta circunstancia en zonas sen ordenación detallada á entrada en vigor das NHG), polo tanto dáse por resolto este problema citado.

As dúas modificacións introducidas na Normativa do PXOM vixente (ademais do cambio da ficha correspondente a AR-3) serán por tanto as seguintes:

Substitúese a ficha de características da AR-3 pola seguinte, modificada segundo a presente MP:

Area de repartía Nº3  
Informe pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia

Situación: Gorán  
Tipo de desenvolvemento: directo pola MP do Plan Xeral

en sesión de 10 de outubro de 2009

Superficie: 10,3 m2  
Ordenanza de aplicación: 1.A

Altura máxima: +2

Aproveitamento tipo: 0,7 m2/m2

Capacidade máxima de construcións superiores: 60 viv/Há.

DE URBANISMO DE GALICIA  
Aproveitamento municipal: 10% do total.

Aproveitamento de propietarios: 90% do total.

Cesión das parcelas nos planos de ordenación, que se resumen así:

- Viano: 5.197,85 m<sup>2</sup>
- Espazos libres: 6.735,6 m<sup>2</sup>
- Equipamentos: 2.629,36 m<sup>2</sup>



POR ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, DE DAIA

03 NOV 2009

ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.5 a) DA LEI 9/2002

Asdo. O xefe do servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra

Aprobación provisional modificación puntual do PXOM, N.º 6, de 3.0. DIC. 2008

A Ordenanza nº 1, pasa a denominarse ORDENANZA NÚM. I-A: Edificación en Bloque Pechado,

Asido de Feche: 17/12/2008

sendo as mesmas determinacións que ten no actual Plan Xeral.

Créase una nova Ordenanza que se denomina ORDENANZA NÚM. I-B: Edificación en Bloque

Aberto, coas seguintes determinacións:

ORDENANZA I.B

Denominación:

Edificación en bloque aberto.

Ámbito e características:

Responde á tipoloxía de edificación en bloque aberto exento ou apegado, sendo o seu uso característico o residencial en vivenda colectiva.

GRADOS:

I-B.1: Bloque aberto.

I-B.2: Bloque apegado.

Aliñacións:

As establecidas nos planos de ordenación.

Fondo edificable:

O indicado nos planos de ordenación. Se non será de 14 m. Este fondo xenérico refírese ás plantas piso, podendo ser superado pola prolongación das plantas de soto ao fondo da parcela.

Parcela mínima: 100 m². Poderanse autorizar edificacións en parcelas de menor tamaño naqueles supostos en que se poña de manifesto a imposibilidade física de cubrir estes mínimos.

Fronte mínima de parcela: 7m.

Recuamentos:

A edificación deberá construírse coas fachadas sobre as aliñacións.

Altura da edificación:

A altura en número de plantas está determinada nos planos de Ordenación, non podendo exceder en metros as seguintes magnitudes.

Para tres plantas (B+2) 9,60 metros.

Para dúas plantas (B+1) 6,70 metros.

A altura medirase sobre a rasanía da beirarrúa á que dea de fronte a edificación. Para as parcelas en esquina con diferentes rasanías de rúa, a altura maior deberá manterse nunha lonxitude máxima de 15 metros. Permítese o aproveitamento baixo cuberta.

Voos:

Os voos máximos admitidos son de un metro (1) sobre a aliñación. Serán construcións acristaladas que favorezan a percepción do plano da fachada correspondente á aliñación. Permitiranse materiais opacos na parte inferior do voo nunha proporción dun 25% sobre a fachada do voo.

Está suxeito a un recuado lateral a lindeiros de 1m.

Non poderá ocupar unha superficie máis do 75% da fachada da planta a que da servizo.

Fachadas:

Tódalas fachadas terán o tratamento de fachada principal.

Garaxe-aparcadoiro:

Dentro da parcela deberase dispoñer unha praza de aparcadoiro por cada 80 metros cadrados de edificación sobre rasanía.

Espazos libres privados:

A fin de unificar o tratamento das distintas parcelas, deberase presentar un proxecto conxunto de acondicionamento do espazo libre privado, cumprindo as condicións de accesibilidade, favorecendo a unificación de materiais de pavimentación, rasanías e plantación de especies vexetais nas distintas parcelas. O pavimento terá tratamento vexetal nun mínimo de 50% da súa superficie.

Usos tolerados:

Permítese os seguintes usos:

Vivenda.

Hoteleiro.

Comercial.

Oficinas.

Industrial.

Categoría 1ª: Grupos 1, 2, 3, 5, 6, 7 e 8.

Categoría 2ª: Grupos 1, 2, 3, 5, 6, 7 e 8.

Categoría 3ª: Grupos 1 e 2.

Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de :

- 1 OUT. 2009



SECRETARIO DA COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA

Guillermo Otero Pérez

Engádesse á normativa unha Disposición Adicional Primeira: Corrección de alturas máximas en zonas sen ordenación detallada segundo CA. AHG.

ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGLUNDO O ART. 85.3 a) DA LEI 9/2002

Asdo: O xefe do servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra

Alberto Castrillo Escobar



Asdo. Ca. Di. Echevarría Buades

Disposición Adicional Primeira: Corrección de alturas máximas en zonas sen ordenación detallada  
segundo das NHG.

Nas zonas ou ámbitos nas que sexan de aplicación as condicións establecidas no apartado "I.A.2.3.1. Alturas libres mínimas" do Decreto 262/2007, do 20 de decembro, polo que se aproban as normas do hábitat galego -en diante NHG- (por tratarse de zonas que se poidan interpretar ou entender como sen ordenación detallada á entrada en vigor dese decreto), poderanse aumentar (a respecto das alturas máximas que establecen as ordenanzas do PXOM vixente) as alturas dos novos edificios que se vaian a construír nesas zonas e que alberguen usos residenciais, coas seguintes limitacións:

- Poderase aumentar a altura máxima permitida por cada ordenanza nas edificacións ata un máximo de 0,20 m. por cada planta de uso residencial que poida ter problemas para acadar a altura mínima esixida ás vivendas nas NHG (deberase xustificar acoidadamente en cada caso que non se poidan resolver eses problemas de altura nas vivendas dentro da altura máxima que establece o PXOM na ordenanza aplicable).
- Só se poderá aumentar a altura nas plantas que vaian albergar vivendas, excluíndose a posibilidade de aumento de altura na planta baixo cuberta, que se regulará polas condicións estritas de volume máximo que establece o PXOM, e complementariamente polas limitacións que establecen as NHG para o uso de vivenda (no seu caso) neste espazo baixo cuberta.

## 2.5. AS ESIXENCIAS DA LEXISLACIÓN URBANÍSTICA PARA A MODIFICACIÓN DO PLANEAMENTO.

A presente M.P. tense redactado conforme á lexislación e ao ordenamento legal urbanístico e sectorial vixente, segundo se recolle na presente memoria, cumprimentando as xustificacións que necesariamente se deban realizar a respecto do seu cumprimento.

### 2.5.1. AS ESIXENCIAS DA L.O.U.G.

A L.O.U.G. establece no seu Art. 94 as distintas condicións que terán que cumprir as modificacións dos plans, así como as razóns nas que se terán que fundamentar. Para o caso concreto que nos ocupa imos xustificar neste apartado que a presente M.P. cumpre con estas condicións e requisitos, referidos aos parámetros concretos que nela se varían. Igualmente deberanse cumprir outros parámetros que se recollen na LOUG como condicións xerais para o planeamento xeral.

#### 2.5.1.1. Esixencias básicas.

O Art. 94.1 da L.O.U.G. enumera algunhas das razóns que fundamentarán calquera modificación de planeamento:

- Mellora substancial da ordenación urbanística vixente.

Informado pola Comisión Superior  
de Urbanismo de Galicia

Mellora da articulación dos espazos libres públicos e dos volumes construídos.

en sesión de *1 de outubro de 2009* e incorporación dos requisitos necesarios.


- Creación de novas dotacións urbanísticas públicas
- Resolución de problemas de circulación.



O SECRETARIO DA COMISIÓN SUPERIOR  
DE URBANISMO DE GALICIA

Guillermo Otero Pérez

Consultora Galega S.L.



Alberto Castrillo Escobar



Estas razóns fican presentes entre os obxectivos desta M.P., como xa se ten dito anteriormente no apartado 2.2. desta memoria. Ademais cómpre subliñar que:

- Esta M.P. redáctase, a diferenza do P.X.O.M. vixente, ao abeiro da Lei 9/2002 de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia modificada pola Lei 15/2004, onde os límites de sostibilidade establecidos, que substitúen os estándares da L.S.G. 1/1997, melloran substancialmente as reservas de solo de carácter público para espazos libres, equipamentos e aparcadoiros.
- A nova ordenación asume íntegramente estes límites de sostibilidade o que tamén supón a creación de novas dotacións urbanísticas non previstas no actual planeamento.

Todo isto pode dar unha idea da importancia desta actuación, que redundará en notable beneficio público, pois contempla boa parte dos fundamentos que o lexislador ten interpretado como razóns xustificadas para a modificación do planeamento.

Outra condición necesaria é a especificada no Art. 94.2, no que se cita a imposibilidade de levar adiante a M.P. durante a tramitación do Plan Xeral de Ordenación Municipal ou da súa revisión. Este non é o caso, pois o P.X.O.M. está en pleno proceso de desenvolvemento sen atoparse en revisión ou tramitación.

Púxose especial coidado e interese en que a documentación facilitada aos veciños para presentala ao facer as súas alegacións, fose axeitada e o máis completa posible (plano de situación e referencias ou planos catastrais), para así poder identificar correctamente a situación de cada parcela, á hora de avaliar as alegacións para poder dar unha resposta clara e concreta en cada caso.

As alegacións particulares presentadas acadan un número de 4, entre as que convén detallar as seguintes cuestións:

- Só unha se ten presentado en prazo, e as outras tres presentáronse fóra de prazo, pero analizaranse igualmente.
- No que se refire á resolución das alegacións, dúas delas téñense aceptado parcialmente (a 2 e a 4) e as outras dúas téñense denegado (a 1 e a 3). A contestación a estas alegacións contéplase detalladamente no apartado seguinte.

**5.1.1.1. Informe-resposta individualizada das alegacións particulares.**

**ESCRITO DE ALEGACIONES Nº 1**

**Nº DE REXISTRO DE ENTRADA CONCELLO DE TOMIÑO: 3907 (data 8/8/2008)**

**ALEGANTE: EULOGIO ABELEIRA CABALEIRO**

**RESPOSTA:**

No escrito de alegacións formulado por D. Eulogio Abeleira Cabaleiro, maniféstase a existencia de diferentes anomalías as cales ao seu entender poden ser constitutivas de nulidade de pleno dereito do acto polo que se outorga a aprobación inicial da presente modificación puntual en trámite, solicitando que se arranxen as mesmas ou se revoque o acordo, en virtude do cal procédese a aprobar inicialmente a citada alteración do planeamento vixente.

Ao respecto e unha vez analizadas as diferentes alegacións contidas no escrito de desconformidade de referencia e en expresa atención ao que é de relevancia, no noso leal saber e entender, acordamos resolver o seguinte:

- 1º Correlativa á alegación primeira: manifesta o alegante que se pretende realizar a modificación puntual, ampliando a área de reparto nº 3, cuxos terreos están clasificados como solo urbano non consolidado (74,73%) con terreos clasificados como solo urbano consolidado (25,27%); Dita manifestación resulta do todo errónea, xa que a superficie da área de reparto nº 3 se ampla de 19.233 m2 a 19.711,30 m2 e de 2.422,30 m2 a 2.478,30 m2 de ampliación, clasificados como solo urbano consolidado e supondo estes un 2,42% do total da área de reparto e non un 25,27%, tal e como expón o proponente.

**Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de :**

**- 1 OUT. 2009**



**SECRETARIO DA COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA**

*Guillermo Otero Pérez*

**FORO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, DE DATA**

**D 3 NOV 2009**


**ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.3 a) DA LEI 9/2002**

59

Asido: O xefe do servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra

**Alberto Castrillo Escobar**

30 DIC. 2008



Asína Echevarría Aguades

Correlativa á alegación cuarta: manifesta o comparecente a súa desconformidade coa modificación da aliñación correspondente a varias parcelas do Barrio Centinela, co obxecto de ampliar a vía urbana existente, cambios que considera de menor racionalidade que o mantemento da antiga aliñación xa que a nova prevista non mellorará o fluxo circulatorio rodado nesa rúa, chegando incluso a constituir (citamos palabras textuais) "un funil" no seu encontro coa avenida Ordóñez. Ao respecto non é descoñecido polo equipo redactor que a solución adoptada non é a máis desexable como consecuencia do grao de consolidación da edificación presente nunha das marxes do vial, situación que fai de moi difícil resolución a situación de funil comentada, pero tamén debe ser tido en conta que existen outros motivos que fundamentan a decisión de modificar dita aliñación, decisión que en virtude do ius variandi que asiste á actividade planificadora foi adoptada coa discreción que lle é propia á mesma, isto é, como consecuencia dun xuízo técnico, sensato, racional e coherente coa realidade fáctica, en beneficio do interese público. Eses motivos non son outros que os extensivamente expostos na memoria xustificativa, como a consecución de aparcadoiros en superficie nun panorama de problemática escaseza de prazas que se dá en todo o centro de Goián, acadar unha maior accesibilidade peonil con beirarrúas máis largas, e en definitiva unha maior calidade do viario cun largo máis acorde coa altura das edificacións existentes, entre outras importantes razóns.

3º Correlativa á alegación quinta: manifesta o comparecente que o viario interior proxectado, tampouco presenta un ancho uniforme, alegando mesmo a vulneración do art. 48.2 da LOUGA, o cal dispón como unha norma de calidade urbana o establecemento dun determinado ancho mínimo (16 m) en viarios PRINCIPAIS de nova apertura en solo urbano non consolidado. Ao respecto é preciso sinalar que a uniformidade no largo do viario mantense en practicamente todo o desenvolvemento previsto para o mesmo, unicamente no seu vento este presenta unha alteración debida á presenza de edificación consolidada que fai inviable o mesmo largo, non obstante, é necesario sinalar que en virtude da modificación en tramitación dito viario experimenta unha ampliación no seu largo dos deficientes 12 metros previstos no PXOM aos bastante máis de 16 (son case 23 m.) que acada ese viario na modificación en case todo o seu percorrido. Respecto a suposta vulneración do art. 48.2 da LOUGA, é necesario dicir que a mesma non se produce posto que o citado art. fala de viario principal, o cal nos afasta do posto que nos ocupa, xa que o citado viario interior proxectado (en palabras textuais do alegante) non se concibe como viario principal ou estruturante, aspecto este que se menciona ao longo da memoria informativa e xustificativa, de calquera forma é preciso mencionar por ende que aínda que fose de aplicación esta limitación, a parte do viario que supostamente non cumpriría os requirimentos do Art. 48.2 sitúase basicamente sobre solo urbano consolidado na embocadura do citado viario, co cal tampouco poderíamos estar falando de tal vulneración.

4º Correlativa á alegación sexta: a respecto do manifestado na mesma é mester sinalar que non se esta producindo unha minoración dos frontes edificadas, senón que ao contrario se reconfiguran os volumes co obxecto de crear accesos peonís que unan a avenida de Ordóñez coa zona verde prevista na modificación puntual en cuestión. Estes frontes das edificacións a espazos públicos e os largos destes espazos ou viarios, eliminando patios e mellorando a calidade dos edificios e do propio espazo público.

Informado pola Comisión Superior  
de Urbanismo de Galicia  
en sesión de :

- 1 OCT. 2009

O SECRETARIO DA COMISIÓN SUPERIOR  
DE URBANISMO DE GALICIA



Consultora Galega S.L.

03 NOV 2009

ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA  
SEGUNDO O ART. 85.5 a) DA LEI 9/2002


60

Asdo: O xefe do servizo de Urbanismo do  
Departamento Territorial de Pontevedra

Alberto Castrillo Escobar

CONCELLO DE TOMIÑO

Aprobación provisoria al modific. MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº6 CON ORDENACIÓN DETALLADA DO P.X.O.M. DE TOMIÑO, do PXCM, N.º..... 3.0. DIC. 2008



5º Correlativa á alegación sétima: na mesma o asinante incorre en erro de cálculo, ao ser incorrectas as cifras por el achegadas, probablemente inducido pola confusión orixinada entre a superficie total do ámbito da modificación puntual, coa superficie total da área de reparto, pois os datos reflectidos na documentación da MP son correctos, pois o que está actualmente como solo urbano consolidado mantense maioritariamente como tal na MP.

6º Correlativa á alegación oitava: ao respecto, entendemos que seguindo a liña de erro da alegación inmediatamente anterior, o alegante manexa datos erróneos, pois é inexacto o que nela expón a respecto á edificabilidade xa que na superficie edificable asignada na AR-3 xa se contabilizaron os baixos edificables ata os fondos nos patios (e así se pode comprobar facilmente nunha cuantificación numérica), polo tanto de ningunha maneira se xera tal incremento argumentado polo alegante (que parece seguir pensando que o que se mantén en solo urbano consolidado na MP, o alegante o contabiliza como incluído na área de reparto, o que é erróneo), pois os datos reflectidos na documentación da MP son correctos.

7º Correlativa coa alegación novena: na mesma persiste no erro do punto anterior, e ademais menciona o comparecente a ausencia de informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia previo á aprobación da MP ao encontramos segundo seu entender no suposto de feito contemplado no art. 94.4 da LOUGA, que así o esixe para o caso de que a modificación "afectase a terreos clasificados como zonas verdes ou espazos libres. Ao respecto é ineludible dicir que de cumprir ese informe, o cal será sinalado pola Dirección Xeral de Urbanismo no momento oportuno, o mesmo deberá ser emitido nun momento procesual diferente, isto é, previo á aprobación definitiva. Se ben, ao respecto da necesidade do mesmo, o equipo redactor a falta de xurisprudencia aplicable considera que dito artigo debe ser interpretado no sentido de afectación negativa, entendendo que non existe afectación de tal carácter debido por unha parte a que as zonas verdes e espazos libres se teñen incrementado en superficie e non reducidos como manifesta o alegante (como se pode observar nos cadros comparativos), e para maior abondamento a calidade das zonas verdes a conseguir é moi superior ao respectarse a masa arborada existente, caracterizada por unha presenza de especies dignas de protección e que configuran xa un espazo libre de calidade, e que de non ser pola modificación puntual estaría condenada a desaparecer, polo que de resultar afectadas zonas verdes e espazos libres, serían pero positivamente.

8º Correlativo coa alegación décima: Ao respecto sinalar que a vivenda de vivenda protexida se estableceu con absoluto respecto á lexislación aplicable en vigor e así se percibe da lectura pausada e defida dos apartados 2.5.1.4 e 2.5.2 da memoria xustificativa, e ademais o Concello (que só tería obriga de dedicar a vivenda protexida o 30% da edificabilidade que por cesión lle corresponde) se compromete a dedicar o 100% da edificabilidade que lle corresponde a vivenda protexida, non entendendo o sarcasmo do alegante a este respecto.

9º Correlativo coa alegación undécima: en consecuencia coa que se exposto e en todo o concernente á teoría do acto administrativo de ningunha forma pode argumentarse que o acordo polo que se procedeu a aprobar inicialmente a modificación puntual atrámite

Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de :


- 1 OUT 2009

O SECRETARIO DA COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA



9º Correlativo coa alegación undécima: en consecuencia coa que se exposto e en todo o concernente á teoría do acto administrativo de ningunha forma pode argumentarse que o acordo polo que se procedeu a aprobar inicialmente a modificación puntual atrámite

POR ORDEN DE LA COMISIÓN SUPERIOR DE MEDIO AMBIENTE, TURISMO E INFRAESTRUCTURAS, DE DATA 10 de Novembro de 2009. ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.5 R) DA LEI 9/2002. 61. Asdo O xefe do servizo de Urbanismo do Concello de Pontevedra



Asdo: Catalina Echevarria Bujades

sexa nulo de pleno dereito ou a mesma estableza reservas de dispensa de ningún tipo, polo tanto non ten sentido esta aseveración.

Entresumo considérase denegada a presente alegación.

ESCRITO DE ALEGACIONES N.º 2

N.º DE REXISTRO DE ENTRADA CONCELLO DE TOMIÑO: 4213 (data presentación en Correos 14/8/2008)

ALEGANTES: D. CARLOS PIÑEIRO GONZÁLEZ, D. DANIEL CASTIÑEIRA ÁLVAREZ, D. ANGELINO FERNANDEZ, DÑA CARMEN VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ, D. JESÚS ARY MOURE FERNÁNDEZ

RESPOSTA:

No escrito de alegacións formulado e subscrito polos arriba citados solicítase que tras ser atendidas acórdese modificar o sistema de actuación previsto substituíndose polo de compensación e se eliminen os prazos de execución previstos.

Ao respecto, e unha vez analizadas as diferentes alegacións contidas no escrito de referencia, e en expresa atención ao que é de relevancia, acordamos resolver o seguinte:

1º.- Correlativa coa alegación n.º 2: e en relación á suposta vulneración dos arts. 52.3 e 60 da LOUGA entendemos que a mesma non ten lugar.

Concretamente diante do imperio legal do art. 52.3 cuxas determinacións non consideramos vulneradas baixo ningún aspecto, tanto a coherencia interna que o PXOM debe garantir, o equilibrio dos beneficios e ingresos derivados do plan entre as distintas áreas de reparto, a proporcionalidade entre o volume edificable e os espazos libres públicos de cada ámbito de ordenación, a participación da Comunidade na planificación exercidas en cada área de reparto, así como a viabilidade técnica e económica non se viu alterada pola presente modificación puntual, co cal as citadas consideracións xerais se ven respectadas e inalteradas en consecuencia coa melloría substancial da ordenación urbanística vixente que a modificación veu a alterar, debidamente fundamentada en razóns de interese público para a consecución dos obxectivos fixados con aplicación de criterios ambos extensamente expostos no desenvolvemento do punto 2.2 da memoria xustificativa, e que en conxunto veñen a converter a oferta de vivenda que se pode materializar neste ámbito na máis atractiva e mellor dotada de todo o solo que se ten en cantidade e calidade de espazos libres e dotacións, en accesibilidade e aparcadoiro público, na calidade da edificación por ter que cumprir coas NHG, en limitación de prezos e asequibilidade por ter unha boa proporción de vivenda protexida, etc), polo tanto poderanse vender moito mellor (sobre todo a vivenda protexida) e a mellor prezo (polo menos a vivenda libre) as vivendas deste ámbito que as do resto do núcleo, o que implica un aumento substancial da viabilidade económica, sobre todo se temos en conta que a ordenación anterior establecía unha edificabilidade para toda a área de reparto igual á máxima que se permite nas parcelas de aproveitamento lucrativo (0,7 m2/m2), polo tanto ía a ser moi difícil (cando non imposible) poder materializar a edificabilidade que lle correspondería á parte de espazos de cesión obrigatoria para espazos públicos non edificables (vial e espazos libres), que comportan case a metade da superficie do ámbito (un 46,9%), porque deste xeito o aproveitamento que habería que materializar nas parcelas lucrativas sería de 1,32 m2/m2, moí superior ao que permite a ordenanza 2.C (0,7 m2/m2), o que volve a implicar un aumento substancial da viabilidade económica da presente MP, porque na ordenanza modificada se garante a materialización de toda a edificabilidade asignada. Ademais a MP contempla outras determinacións centradas na mellora da viabilidade económica, como o aforo económico que se deriva de deixar a espazo libre a

Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de :

1 OCT 2009



Stamp: JUNTA DE GALICIA DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE PONTEVEDRA  
ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.º a) DA LEI 9/2002  
Stamp: 03 NOV 2009  
Stamp: ASDO: O xefe do servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra



Ass. Catalina Echevarría Buades  
carballeira existente, que non precísaríase de custos de urbanización (medida que na ordenación do PXOM non se contemplaba, implicando ademais a destrución da carballeira), custos que si precisaría o espazo libre contemplado no plan vixente en toda a súa superficie. Para aclarar mellor todas estas accións a prol da viabilidade, tanto técnica como económica, que se contemplan na presente M.P. acordábase un novo apartado na memoria (2.2.1. A resolución da inviabilidade da ordenación proposta no PXOM vixente na AR-3).

Non podemos manifestar máis que o noso total desacordo cos comparecentes, cando expoñen que toda modificación do planeamento debe estar atenta e responder a calquera troco de situación que se produza nas necesidades demográficas que se susciten no municipio, xa que máis que falar de toda modificación de planeamento deberíamos estar falando de alteración e non de todas elas, senón daquelas que se sustancian a través da figura da revisión do planeamento tal e como se infire da lectura detida do art. 93.2 e .3 da LOUGA; querer suxeitar a modificación puntual a calquera troco demográfico sería espír de calquera indicio de operatividade, a esta alteración menor de planeamento, posibilidade que por outra parte a lei non configurou así.

Respecto á suposta vulneración do Art. 60, tampouco consideramos que a mesma se produza. É certo que a modificación puntual en trámite determina o ámbito en cuestión como de actuación preferente, ao fixar prazos e as determinacións da ordenación detallada sen remisión a un ulterior planeamento de desenvolvemento. Non lle falta razón aos alegantes, cando manifestan que debería realizarse unha avaliación dos custos de execución da actuación prevista, avaliación que por outra parte se realizou e estivo presente desde o inicio da elaboración da presente modificación puntual como elemento determinante na súa viabilidade, se ben, e teñen razón os comparecentes non se plasmou coa profusión desexable no documento, aspecto este que procedemos a subsanar na presente fase, e que por outra parte non fai máis que testemuñar a bondade do procedemento de tramitación dun plan xeral (ou da súa modificación puntual neste caso) ao establecer o xogo da intervención da cidadanía na elaboración e aprobación do mesmo.

Cabe aclarar que no referido á estratexia do plan xeral se pretende con esta modificación crear un novo espazo de centralidade, cualificado, e que dea resposta ás necesidades e carencias de Goián, de xeito que xurda un novo espazo que polarice os novos investimentos residenciais ó redor dun conxunto de espazos verdes e de dotacións de calidade que sirvan de novo pulo para o futuro próximo no que o ciclo inmobiliario retome a actividade da man de novas demandas (agora á expectativa, á espera de acontecementos que devolvan a confianza e a seguridade para facer efectiva as súas necesidades residenciais con oferta de maior atractivo cas existentes, e polo tanto, con clara vantaxe competitiva sobre a oferta de Goián.

Sobre a avaliación dos custos referida na LOUGA, dicir que ben foron estudados os custos previstos para a actuación, tanto no referido aos prazos de desenvolvemento coma os custos propios de urbanización, edificación, financiamento e demais gastos xerais propios do mesmo, entendendo que en todo momento se poden obter beneficios acordos coa actividade propia edificatoria. Os actuais prezos de mercado de vivenda libre, sitúanse próximos aos 1.230 €/m2cc (incluídas as zonas comúns) máis o garaxe e o rocho, xunto cos prezos da vivenda protexida, duns 1.099,10 €/m2util (879,28 €/m2cc), fai que se estimamos o custo inicial do solo en 110 €/m2, os custos de constitución de dúns 385 €/m2cc para a vivenda libre e duns 600 €/m2cc para vivenda protexida, e duns 275 €/m2cc para a superficie a constituir baixo rasante, máis os custos estimativos de urbanización e de xestión, se poidan determinar rendabilidades positivas (arredor dun 17% s/costos para o conxunto das promocións previstas, acada cotas moi razoables de cara ó desenvolvemento do ámbito, todo tendo en conta a

Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de :

1. OCT 2009



POB. ORDE DA COMISIÓN DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, DE DATA 03 NOV 2009  
ACORDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.5 a) DA LEI 9/2002  
63  
Ass. O xefe do servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra



calidade diferencial desta oferta, a respecto do resto do solo urbano, xa suficientemente explicada, e que permitirá que se poida esgotar prioritariamente a oferta de vivenda e locais que aquí se desenvolva.



VALOR DE MERCADO EN VENDA (aproveitamento apropiable)			
	€/m2c	m2	
VM vivenda libre			
	prezo	nº	
nº pz garaxe	6.000	69	415.044
nº rochos	2.400	69	166.018
<b>TOTAL</b>			<b>8.664.053</b>
VM vivenda protexida	879,28	1.878	1.650.920
	prezo	m2	
nº pz garaxe	659	417	275.153
nº rochos	659	134	88.049
<b>TOTAL</b>			<b>2.014.123</b>
<b>TOTAL VIVENDA</b>			<b>10.678.175</b>
VM Locais comerciais/oficinas	780	3.969	3.095.820
<b>TOTAL VALOR MERCADO PROMOCION (venta 90% do proveitamento)</b>			<b>13.773.995</b>

GASTOS E INVESTIMENTO			
	€/m2	Superficie	€
<b>VALOR DO SOLO</b>	110	19.711,30	2.168.243
ZONAS VERDES xa urbanizadas	0	4.113,82	0
ZONAS VERDES a urbanizar	25	2.621,78	65.545
VIA DE ACCESO	100	5.197,65	519.765
EQUIPAMENTOS	0	2.629,36	0
<b>CUSTO URBANIZACION</b>			<b>585.310</b>
VIVENDA PROTEXIDA	600	1.878	1.126.549
VIVENDA LIBRE	650	6.572	4.271.499
Custo construción s/rasante			5.398.048
Custo construción b/rasante (unitario por vivenda)	275	86	779.213
Custo construción locais PB	230	3.969,00	912.870
<b>CUSTO CONSTRUCCIÓN</b>			<b>7.090.131</b>
Gastos Xerais, Administración e outros s/VM	5%	13.773.995	688.700
Licenza de obras (0,95+4,00 s/PEM)	3%	7.090.131	212.704
Honorarios técnicos s/PEM			200.000
Gastos Comercialización s/VM	2%	13.773.995	275.480
Gastos Financiamento s/VM	4%	13.773.995	550.960
<b>TOTAL GASTOS</b>			<b>1.927.843</b>
<b>TOTAL GASTOS E INVESTIMENTO</b>			<b>11.771.527</b>


<b>TOTAL VALOR MERCADO PROMOCION (venta 90% do proveitamento)</b>	<b>13.773.995</b>
<b>TOTAL GASTOS E INVESTIMENTO</b>	<b>11.771.527</b>
<b>DIFERENZA (beneficio)</b>	<b>2.002.468</b>
<b>% BENEFICIO SOBRE INVESTIMENTO</b>	<b>17,01%</b>

Estes datos incorpóranse tamén de xeito desagregado no apartado 4 da memoria. Será no momento de facer efectiva cada unha das promocións cando se deban axustar estas cifras e concretar os investimentos e beneficios propios de cada unha.


Respecto á suposta inviabilidade económica da actuación de promotora pivota os dicentes basicamente sobre a difícil situación socioeconómica actual, con especial incidencia negativa no sector da edificación residencial, achegando sen máis como dato empírico a existencia do suposto

Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de :

1-OCT-2009



POR ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS,  
 DE PONTA  
 03 NOV 2009  
 ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.5 a) DA LEI 9/2002  
 ASDO: O xefe do servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra  
 Alberto Castrillo Escobar



Asinado: Catalina Echeverría Buades

parade de vivendas paradas no mercado de 200 vivendas para Goián, considerando un exceso de oferta residencial sen máis, pero sen valorar as causas dese posible desequilibrio, é dicir, sen valorar aspectos como relación calidade-prezo, situación, tipoloxías, urbanización adxacente, grao de concentración/dispersión dese suposto exceso. Tampouco tiveron en conta os alegantes, o feito de que non existe en Tomiño un desenvolvemento de calidade urbanística semellante ao previsto pola modificación puntual, en todos os parámetros valorables: situación, tamaño do ámbito, calidade e tamaño dos espazos libres e zonas verdes, dimensionado do viario de soporte etc... aspectos todos eles determinantes xunto claro está coa calidade arquitectónica e construtiva na venda dun inmoble. Evidentemente non podemos negar a evidencia á difícil situación económica presente (en calquera caso pasaxeira no devalar do tempo), pero tampouco podemos mostrar o noso acordo coa manifestación feita de que esta modificación constitúe unha decisión arbitraria; nada máis lonxe da realidade, a determinación desta actuación como prioritaria realizouse desde a máis absoluta persecución do interese público sen deixar de sopesar o momento de crise actual, sendo esta modificación froito do "ius variandi" que ilumina a actividade planificadora, e realizouse coa discrecionalidade que lle é inherente dentro dos límites que veu perfilando a xurisprudencia e con absoluto respecto ao principio de interdicción da arbitrariedade dos poderes públicos elevado a rango constitucional polo art. 9.3 da nosa Carta Magna. Supón polo tanto unha decisión froito dun xuízo técnico, racional, sensato e coherente coa realidade fáctica.

Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de :

Entendese dende aquí a inquedanza que pode xerar o momento actual do mercado, se ben é necesario explicar que a propia modificación puntual non é quen de referir prazos concretos para a posta no mercado das vivendas previstas, toda vez que non se pretende a edificación simultánea de toda a oferta prevista, e si unha paulatina edificación conforme ás demandas propias do mercado. Enténdese pois que a reserva do 30% da edificabilidade destinada a vivenda protexida (incluída a totalidade da cesión do 10% do aproveitamento para o Concello) fai que un número importante da oferta prevista (unhas 25) teña unha rápida posta no mercado, así como adxudicación ós interesados das mesmas. A parte de vivenda protexida a desenvolver como de promoción privada acadará unhas unidades polo que cunha soa promoción se lle daría saída á totalidade das mesmas, cuns prazos de desenvolvemento do proceso construtivo e adxudicación duns 24 meses. A outra parte destinada a vivenda protexida, comprometida na súa totalidade no 10% de cesión do aproveitamento destinado o Concello suporía a creación dunhas 8 vivendas, o que significa unha promoción única de pequena complexidade e rápida posta no mercado e que podería servir de incentivo para iniciar o proceso edificatorio. O restante número de vivendas, estimado nunhas 69 (cunha media de 95 m2, incluída a parte proporcional de zonas comúns) sería de venda libre e podería desenvolverse nunhas 3 ou 4 promocións dunhas 15-25 vivendas cada unha, o que require esforzos inversores e de xestión moi semellantes ó habitual do contorno (esta media podería comprobarse coas licenzas concedidas nos últimos anos en Tomiño, e máis concretamente en Goián). Así os prazos de posta no mercado poderían irse adecuando ó momento máis axeitado coas demandas existentes.

Respecto ao plan de etapas fixado, despois da análise da alegación exposta procédese a ampliar os prazos fixados; pasando de 4 meses desde a aprobación definitiva para os actos previos á execución a 6 meses e dunha estimación de un ano (para a realización da urbanización contado desde a aprobación do proxecto de urbanización) a 18 meses, o cal nos dá un prazo máximo total de uns 2 anos desde a aprobación definitiva, ao que se debe sumar o ano e medio estimado para a aprobación definitiva da presente MP, e deste xeito dános un prazo absoluto de 4 anos no mellor dos casos para ter urbanizado, ao que hai que sumar o prazo para edificar, que implica un prazo mínimo duns seis anos para dispor das primeiras vivendas, período de tempo no que xa deberían remediarse sobradamente

POR ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, DO 3 NOV 2009 ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.5 a) DA LEI 9/2002 ASIDO: O xefe do Servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra



Marina Echevarría Buares

nas condicións económicas, a remisión da crise e a reactivación do mercado, segundo as previsións chegadas por entidades significativas nese ámbito.

Respecto ao medio prazo mencionado polos dicentes, e dentro do período medio de vixencia dun Planamento xeral, folga dicir que o PXOM de Tomiño establece que aos 8 anos de vixencia o concello verificará a oportunidade de proceder á súa revisión, habéndose producido a súa aprobación definitiva en maio de 2001.

2º.- Correlativo coa alegación terceira: manifestan os alegantes o incumprimento do artigo 84.1 relativo á composición do equipo redactor, se ben tal artigo fai referencia a redacción dun Plan Xeral (e neste caso non sería directamente aplicable por tratarse esta dunha simple modificación puntual do planeamento), pero ademais, como se pode ler na memoria informativa o equipo redactor está formado por un equipo de Consultora Galega S.L (empresa que conta cun persoal fixo contratado de 29 persoas e máis dunha ducia de colaboradores fixos a tempo total) do que as cabezas visibles (para este traballo) son os dous membros que constan no documento, relatándose a seguir unha serie de profesionais que participaron tamén nese equipo de traballo, se ben debido a un erro de edición, tipográfico ou de imprenta non aparecen reflectidos todos os que debesen estar (que aínda sen necesitalo superan o mínimo que se establece para os PXOM); aspecto este que pasamos a corrixir.

O resto do equipo auxiliar está composto polos seguintes profesionais:

Carlos GARCIA VIDAL, arquitecto, especialista en Estudos Económicos, colaborador habitual de Consultora Galega.

Miguel Angel BARREIRO GARCÍA, xeógrafo de Consultora Galega, especializado en Sistemas de Información Xeográfica (SIG) e Análise Territorial.

Javier Alejandro GÓMEZ FEIJOO, diplomado en Dereito.

Francisco Javier RODRÍGUEZ JAR, enxeñeiro Técnico Agrícola e Topógrafo de Consultora Galega.

Esteban TORRES RUEDA, delineante de Consultora Galega.

Mª CASTRO VÁZQUEZ, administrativa de Consultora Galega.

Correlativo coa alegación cuarta: dado que si é certa a dificultade de materializar as alturas máis aceptables neste caso polas condicións das NHG en zonas sen ordenación detallada á entrada en vigor das NHG, procédese a incluír no apartado de normativa da presente MP un artigo que permitirá aumentar as alturas do edificio nas plantas residenciais (ata un máximo de 0,20 m. por cada planta de uso residencial que poida ter problemas de altura) que se vexan afectadas por este aumento obrigado da altura (e farase extensible a súa aplicación a todo o termo municipal nas edificacións que se poidan atopar nesta circunstancia en zonas sen ordenación detallada á entrada en vigor das NHG), polo tanto dáse por resolto este problema citado.

Cítase a imposibilidade de situar usos residenciais na planta baixa, pero isto non impide destinar esta planta a outros usos permitidos, que posibilitarán esgotar a edificabilidade asignada. Cítanse problemas coa circulación de aire cruzada e co soleado, pero estas cuestións xa son alegadas máis contundentemente no escrito de alegacións nº 3, e detalladamente explicadas a improcedencia (neste caso, na presente MP) de tales afirmacións na resposta a este escrito, polo tanto repetimos aquí eses mesmos argumentos:

Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de :

- 1 OUT. 2009

SECRETARÍA DA COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA



POR ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS,

03 NOV 2009

ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.5 a) DA LEI 9/2002

Asdo: O xefe do servizo de Urbanismo do Departamento Territorial de Pontevedra



No referente á ventilación, a previsión ou necesidade de patios interiores e as obrigas de ventilación e de renovación de aire que contempla o Código Técnico da Edificación (de obrigado cumprimento tamén) garanten sobradamente a ventilación cruzada e a renovación de aire interior.

No referente ao soleado podería haber problemas noutros casos en que existen fachadas de orientación norte (aquí non hai fachadas de esa orientación estrita, e ademais tense forzado a ordenación de volumes para que non se dea esa orientación pura) ou que teñan fronte a rúas estreitas (na A.R. non existen rúas con fachadas enfrontadas, todas as fachadas teñen amplos espazos abertos enfronte) ou a patios de couzada cativos (aquí teñen como mínimo 25 m. de largo, e máis de 30 de media), pero non se dan na presente ordenación esas circunstancias limitativas, polo tanto en todos os casos está garantida moito máis dunha hora diaria de sol directo.

4º.- Correlativo coa alegación quinta: manifestan os dicentes que a ausencia de topográfico no caso que nos ocupa pode determinar a nulidade da presente modificación puntual. É mister dicir que o mesmo non é necesario nesta etapa do planeamento, por canto o que se necesita é precisar a superficie total do ámbito (suficiente cunha cartografía 1/1.000 como a empregada) e o nivel de ordenación detallada que aquí se aplica é o mesmo que o PXOM vixente ten realizado para todo o solo urbano con esta mesma cartografía (ademais tense empregado unha cartografía máis recente e detallada realizada polo concello, sendo ademais actualizada "in situ" polo equipo redactor para incorporar os últimos cambios). Cando si se precisará un levantamento será no momento de proceder á equidistribución do ámbito, no que si poden ser relevantes as variacións de límite entre propietarios para o reparto de cargas e beneficios, pero non neste momento.

Polo tanto e en relación ao solicitado; analizada a situación e en función do ata aquí exposto consideramos adecuado manter o sistema de actuación previsto na modificación puntual, dado que o concello pretende levar a iniciativa do desenvolvemento como actuación estratéxica para Goián, non habendo lugar ao troco proposto con estas premisas municipais, se ben se amplían os prazos de execución na forma antes sinalada para mellorar os marxes de xestión na actual situación.

En resumo, considérase aceptada parcialmente a presente alegación.

ESCRITO DE ALEGACIÓN Nº 3  
Nº DE REGISTRO DE ENTRADA CONCELLO DE TOMIÑO: 4214 (data presentación en Correos 14/8/2008)



ALLEGANTES: D. ÁNGEL GÓMEZ GONZÁLEZ, D. JESÚS ARY MOURE FERNÁNDEZ


No escrito de alegación formulado e subscrito polos abaixo asinantes solicítase que tras ser atendidas as alegacións presentadas se practiquen as variacións propostas.

1º.- Correlativa coa alegación primeira e única; na que os alegantes manifestan que son titulares das vivendas identificadas na M.P. como 5021 e 5018, ambas clasificadas parcialmente como urbano consolidado e non consolidado e solicitan que se amplíe a parte dos seus prealos cualificados como solo urbano consolidado e se reduza a superficie incluída na parte de reparto (é o caso das dúas vivendas, residencia habitual que verían reducidas considerabelmente o seu espazo destinado a xardín, perdendo un deles a maiores a construción destinada a garaxe) analizado os motivos esgrimidos polos dicentes podemos sinalar que:

SELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, D. DAVA  
02 NOV 2008  
ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 85.5 a) DA LEI 9/2002  
Asoc. Casina Echevarría Buzas  
Actuante Territorial de Pontevedra

Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de :

1 OCT. 2008



- No caso da parcela 5021 xa se ten excluído da área de repartio do PXOM vixente a zona máis inmediata á casa, levando o límite polo peche da propiedade (polo tanto xa vai a ter máis espazo privado mentres non pretenda edificar na súa parcela), e na parte traseira da parcela mantense o límite da A.R. inicial.
- No caso da parcela 5018, dado que o edificio proposto para pechar a couzada do solo consolidado debe ocupar unha parte desa parcela non se pode excluír da A.R., pero podemos asegurar que como existe unha edificación nesa parcela dentro da A.R., cando se efectúe o repartio de parcelas edificables na equidistribución asignaráselle esa mesma parcela (para non ter que valorar o seu custo -a indemnizar ao actual propietario- e o do seu derrubamento, se se lle quixera asignar a outro propietario) e entón poderá manter esa edificación mentres non decida materializar a edificabilidade que lle corresponda no edificio previsto que se lle asigne (que non é compatible coa edificación existente), polo tanto dependerá do actual propietario o mantemento desa edificación actual polo tempo que estime oportuno (que é basicamente o que solicita).

Así mesmo, un dos alegantes propón recuperar o trazado previo á MP do viario interior nun percorrido parcial duns dous metros do citado viario, ao verse situada a súa vivenda ao bordo mesmo da rúa sen espazo intermedio que o separe, manifestando unha conseguinte perda de intimidade. Ao respecto é de sinalar que tal perda non se fará efectiva en tanto en canto non decida executar a actividade edificatoria correspondente á súa parcela, pois como xa apuntamos denantes ese espazo entre a casa existente e o límite da A.R. agora queda en solo urbano consolidado, a decisión do actual propietario, e por tanto mellor que co actual plan, que se colla unha parte dese espazo dentro da A.R. Non ten sentido, polo tanto, a estimación do solicitado, xa que segue mantendo entre tanto, a plena propiedade sobre dito espazo (aumentado na presente MP) de separación e o conseguinte gozo do mesmo.

En tanto como consideráse denegada a presente alegación.

Informado pola Comisión Superior de Urbanismo de Galicia en sesión de :

- 1 OUT. 2009

SECRETARIO DA COMISIÓN SUPERIOR DE URBANISMO DE GALICIA

CONTIDO DE ALEGACIÓN Nº 4



Nº DE REGISTRO DE ENTRADA CONCELLO DE TOMIÑO: 4158

ALLEGANTES: DNA CARMEN VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ E

POR ORDE DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, DE DATA

03 NOV 2009

ACÓRDASE A APROBACIÓN DEFINITIVA SEGUNDO O ART. 55.5 a) DA LEI 9/2002

ARX. MOURE FERNÁNDEZ  
Departamento Territorial de Pontevedra

Alberto Castrillo Escobar

RESPOSTA:

No escrito de alegacións formulado e subscrito polos abaixo asinantes solicítase que tras ser atendidas as alegacións presentadas se teñan en conta aos efectos oportunos.

1º.- Correlativo coa alegación primeira: manifiestan que o AR-3 ao verse modificada na súa delimitación incluíndo unha porción de solo urbano consolidado que concretamente supón unha superficie de 478.30 m2, sinalando o artigo 111.2 da LOUGA que "en solo urbano consolidado non se poderán definir áreas de repartio..... sen prexuízo do contido dos dereitos e obrigas que teñen asignado os propietarios deste tipo de chan polo artigo 19..." . Ao respecto hai que sinalar que no PXOM vixente non se considera toda a parcela como solo urbano consolidado, senón só o fronte ao viario existente onde se establece un bloque edificatorio que non se ve afectado pola modificación pretendida, e a parte traseira da parcela é considerada como solo urbano non consolidado incluído xa nunha A.R., polo tanto a modificación só axusta a dimensión que nesa parte traseira da parcela pertence a solo non consolidado sen que se vexa afectado o bloque edificatorio previsto na parte dianteira da parcela. Non obstante e con independencia, o que verdadeiramente é relevante no caso que nos ocupa é que o suposto de dereito

Asda. Catalina Echevarría Buares

reproducido polo citado art.111.2 non é aplicable ou subsumible á situación fáctica na que nos atopamos, xa que non se delimitou unha área de reparto en S.U. consolidado, senón que de forma provisional tense ampliado a delimitación existente sobre S.U. non consolidado polos motivos (extensamente expostos no punto 2.4.1 A) da memoria xustificativa. Ademais é factible tamén como opción de argumento a aplicación analóxica do art. 62. 2 da Louga sobre a posibilidade que os plans de desenvolvemento teñen para reaxustar a delimitación de sectores e áreas de reparto nun 5% como moito, sempre que non se vexan afectados solos clasificados como rústico de protección especial ou dotacións públicas (o que se cumpre neste caso).

2º.- Correlativo coa alegación segunda: manifestan os dicentes que a área da modificación puntual non pode albergar o aproveitamento lucrativo previsto, cuestión esta que é errónea pois os cálculos da M.P. indican que sobra edificabilidade materializable (polo tanto será na redución dos voos máximos permitidos na edificación onde se axustará o límite máximo realmente edificable), e porque nos cálculos que apuntan na alegación non teñen en conta a superficie edificable nos patios de cuarteirón (que se poden construír na súa totalidade en planta baixa segundo a ordenanza aplicable, e polo tanto é edificabilidade computable), polo tanto non ten fundamento esta alegación.

3º Correlativo coa alegación terceira: manifestan os alegantes que a ordenación proposta furta os beneficios que achega a normativa do hábitat en varios aspectos: non posibilidade de vivendas pasantes polo fondo edificable permitido, soleado, ventilación, voos. Todas estas cuestións deberán ser demostradas de forma máis contundente pois unha boa proposta arquitectónica de proxecto pode resolver todos os posibles problemas, ademais non é certo que o fondo establecido impida o cumprimento das NHG, pois o fondo de 14 m. (que só poderá ser excedido puntualmente con voos lixeiros e acristalados, galerías ou espazos abertos, e non en toda a fachada) permite solucións perfectamente compatibles coas NHG (só dende a incapacidade de proxectar axeitadamente se pode facer afirmación semellante á que contempla a alegación), e de feito xa se ten demostrado suficientemente nos últimos meses de vixencia das NHG, existindo moitos proxectos con estes e con fondos incluso superiores que cumpren a normativa en zonas sen ordenación detallada (onde é máis restritiva, como aquí).

Ademais na alegación parece descoñecerse o contido real das NHG (ou o que é peor, pretende ocultar as ou afirmar enganosamente condicións ou limitacións aplicables), pois na cita do artigo I.A.1.1. vivenda exterior, así como citan unha parte do texto, esquecéndose doutras partes significativas que sinalamos en negrita na cita literal seguinte dese artigo:

*Toda vivenda será exterior, polo que as súas pezas habitables (estar, comedor, cocíña e dormitorio/s) deberán ter iluminación natural e relación directa co exterior a través dun espazo libre exterior de calidade, xa sexa público ou privado.*

